

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CBFME01	Fabricación e montaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3023	Redes de evacuación	2021/2022	7	157	188
MP3023_12	Implantación de redes de evacuación	2021/2022	7	57	68
MP3023_22	Montaxe e mantemento de redes de evacuación de auga	2021/2022	7	100	120

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL PIÑEIRO ARIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional deste título marca unha evolución cara as competencias relacionadas con:

- Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
- Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
- Manexo de equipamentos de medida.
- Identificación de compoñentes.
- Manexo de ferramentas portátiles.
- Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.
- Técnicas de clasificación dos residuos.
- Técnicas de evacuación de residuos.
- Marcaxe de elementos.
- Orde de desmontaxe e montaxe de elementos.
- Condicións de seguridade.
- Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Montaxe de redes xerais de evacuación de augas	Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas. Elementos e técnicas de montaxe.	16	15
2	Montaxe de redes de evacuación de augas pluviais	Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas. Elementos e técnicas de montaxe.	16	15
3	Montaxe de redes de evacuación de augas residuais	Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas. Elementos e técnicas de montaxe.	16	15
4	Prevenção de riscos laborais	Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables	20	15
5	Montaxe e mantemento de redes de evacuación de auga	Comprobacións e revisións	60	20
6	Tratamento de augas	Lexislación	25	10
7	Prevenção de riscos laborais e ambientais	Aplicación da normativa	35	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Montaxe de redes xerais de evacuación de augas	16

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación gráfica
CA1.2 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.3 Extraeuse a información salientable para levar a cabo a preparación da zona de traballo
CA1.4 Identificáronse as operacións que se vaian realizar
CA1.5 Limpouse o contorno das zonas en que se vaian realizar os traballos
CA1.6 Aproveñáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas
CA1.7 Realizáronse operacións de apertura de rozas
CA1.8 Clasificáronse os residuos de apertura de rozas
CA1.9 Abríronse e compactáronse gabias no terreo

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
Manexo de equipamentos de medida.
Identificación de compoñentes.
Manexo de ferramentas portátiles.
Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.
Técnicas de clasificación dos residuos.
Técnicas de evacuación de residuos.
Marcaxe de elementos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Montaxe de redes de evacuación de augas pluviais	16

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación gráfica
CA1.2 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.3 Extraeuse a información salientable para levar a cabo a preparación da zona de traballo
CA1.4 Identificáronse as operacións que se vaian realizar
CA1.5 Limpouse o contorno das zonas en que se vaian realizar os traballos
CA1.6 Aproveñáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas
CA1.7 Realizáronse operacións de apertura de rozas
CA1.8 Clasificáronse os residuos de apertura de rozas
CA1.9 Abríronse e compactáronse gabias no terreo

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
Manexo de equipamentos de medida.
Identificación de compoñentes.
Manexo de ferramentas portátiles.
Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.
Técnicas de clasificación dos residuos.
Técnicas de evacuación de residuos.
Marcaxe de elementos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Montaxe de redes de evacuación de augas residuais	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación gráfica
CA1.2 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.3 Extraeuse a información salientable para levar a cabo a preparación da zona de traballo
CA1.4 Identificáronse as operacións que se vaian realizar
CA1.5 Limpouse o contorno das zonas en que se vaian realizar os traballos
CA1.6 Aproveñáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas
CA1.7 Realizáronse operacións de apertura de rozas
CA1.8 Clasificáronse os residuos de apertura de rozas
CA1.9 Abríronse e compactáronse gabias no terreo

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
Manexo de equipamentos de medida.
Identificación de compoñentes.
Manexo de ferramentas portátiles.
Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.
Técnicas de clasificación dos residuos.
Técnicas de evacuación de residuos.
Marcaxe de elementos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Prevenición de riscos laborais	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiciona a zona de traballo, describe as operacións que cumpran realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.10 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA1.11 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.12 Operouse con autonomía nas actividades propostas

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Orde de desmontaxe e montaxe de elementos.  Condicións de seguridade.  Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Montaxe e mantemento de redes de evacuación de auga	60

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA4 - Mantén redes de evacuación de augas, e asocia as disfuncións coa súa posible causa	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación
CA1.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA1.3 Fíxose a implantación da instalación
CA1.4 Realizouse a montaxe da estrutura necesaria (estada, traballo vertical e suxeccións) para a instalación de evacuación de auga
CA1.5 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, etc.) dunha rede xeral de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo
CA1.6 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, fosa séptica, etc.) dunha vivenda unifamiliar
CA1.7 Preparouse o morteiro necesario para a suxección das conducións tendo en conta a ausencia de vibracións e o illamento acústico
CA1.8 Conectáronse os elementos da instalación
CA1.9 Realizáronse probas de funcionamento
CA1.10 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA2.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación e o seu sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA2.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA2.3 Fíxose a implantación da instalación
CA2.5 Aplicáronse técnicas de ancoraxe e suxección, e as normas de seguridade establecidas
CA2.6 Realizáronse operacións de conexión dos elementos da rede de evacuación á rede xeral (colectores, arquetas, pozos, etc.)
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento
CA2.8 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA3.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto dunha instalación de evacuación de augas residuais



Criterios de avaliación
CA3.2 Identifícase o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA3.3 Fíxose a implantación da instalación
CA3.4 Uníronse e tendéronse as tubaxes de evacuación de augas residuais presentándoas desde cada equipamento sanitario ao colector ou á baixante correspondente, seguindo as instrucións correspondentes
CA3.5 Uniuse cada condución da rede de evacuación de augas residuais dun cuarto de baño a cada equipamento sanitario ou elemento terminal
CA3.6 Insonorizáronse as tubaxes de evacuación
CA3.7 Conectouse a rede de evacuación de augas residuais aos elementos (colectores, arquetas, pozos, etc.) da rede xeral de evacuación do edificio, seguindo a normativa correspondente
CA3.8 Realizáronse probas de funcionamento
CA3.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA3.10 Retírouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA4.3 Seleccionáronse equipamentos, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións de mantemento
CA4.5 Realizáronse probas de funcionamento

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas, de gres e de fundición.
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas pluviais.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Técnicas de montaxe e unión de canlóns e tubaxes.
Sistemas de suxeición.
Probas de estanquidade.
Instalacións de recuperación da auga de chuvia.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Técnicas de montaxe e unión.

Contidos
Probas de estanquidade.
Comprobacións periódicas de estanquidade.
Revisión de sifóns e válvulas.
Diminución de caudais.
Eliminación de atascos.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Tratamento de augas	25

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA4 - Mantén redes de evacuación de augas, e asocia as disfuncións coa súa posible causa	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA2.4 Montáronse as conducións dunha rede de evacuación de augas pluviais de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo (canlóns, baixantes, colectores pendurados ou soterrados, elementos de conexión, etc.)
CA2.5 Aplicáronse técnicas de ancoraxe e suxeición, e as normas de seguridade establecidas
CA2.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA3.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto dunha instalación de evacuación de augas residuais
CA3.5 Uniuse cada condución da rede de evacuación de augas residuais dun cuarto de baño a cada equipamento sanitario ou elemento terminal
CA3.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA4.1 Describíronse as posibles disfuncións que poden presentar as redes xerais de evacuación, as redes de augas pluviais e as redes de augas residuais
CA4.2 Relacionáronse as disfuncións das redes coas operacións de mantemento
CA4.4 Realizáronse operacións de reparación e mantemento de instalacións das redes conforme a normativa
CA4.7 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA4.8 Retírouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Lexislación sobre tratamento de augas.
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas pluviais.

**Contidos**

Configuracións dos sistemas de evacuación.

Instalacións de recuperación da auga de chuvia.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas residuais.

Lexislación sobre tratamento de augas.

Diminución de caudais.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

Lexislación sobre tratamento de augas.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Prevenición de riscos laborais e ambientais	35

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO
RA4 - Mantén redes de evacuación de augas, e asocia as disfuncións coa súa posible causa	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.10 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA1.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA1.12 Retirouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA2.5 Aplicáronse técnicas de ancoraxe e suxeición, e as normas de seguridade establecidas
CA2.8 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA2.9 Retirouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA2.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA3.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA3.10 Retirouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA3.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA4.2 Relacionáronse as disfuncións das redes coas operacións de mantemento
CA4.4 Realizáronse operacións de reparación e mantemento de instalacións das redes conforme a normativa
CA4.6 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA4.8 Retirouse o material sobranste e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Especificacións de prevención de riscos laborais na montaxe.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.



Contidos

Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas residuais.

Lexislación sobre tratamento de augas.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

Lexislación sobre tratamento de augas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### ENSINO PRESENCIAL

O proceso de ensino-aprendizaxe prográmase baseándose na realización no taller das actividades que pretenden propiciar no alumnado o proceso de autoaprendizaxe das técnicas necesarias para o desenvolvemento da actividade profesional. Complementáanse estas actividades con explicacións e demostracións por parte do docente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O procedemento de avaliación deste módulo responde á modalidade de avaliación continua, toda vez que é imprescindible alcanzar os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica de forma acumulativa, no sentido en que as unidades didácticas posteriores precisan do dominio das anteriores.

A cualificación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en Resultados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no seu currículo correspondente. A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais.

Dado que o módulo pertence ao 2º curso de FP Básica, faranse dúas avaliacións ao longo do curso e para cada unha delas terase en conta o seguinte:

- Avaliación continua do traballo en taller que se ponderará un 70%.
- Realización dunha proba escrita que se ponderará un 30%.

Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

En aplicación do criterio de avaliación continua, a cualificación dunha avaliación inclúe as das anteriores e isto implica que para poder aprobar o módulo hai que ter aprobadas todas as avaliacións, e nese caso, a cualificación final do módulo será igual a cualificación obtida na derradeira avaliación redondeada ao número enteiro máis próximo.

### ENSINO SEMIPRESENCIAL

O procedemento de avaliación deste módulo responde á modalidade de avaliación continua, toda vez que é imprescindible alcanzar os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica de forma acumulativa, no sentido en que as unidades didácticas posteriores precisan do dominio das anteriores.

A cualificación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en Resultados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no seu currículo correspondente. A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación basarase nos seguintes apartados:

- Avaliación continua do traballo en taller que se ponderará un 50%.
- Realización de probas escritas de coñecementos que se ponderará un 35%. (Realizarase presencialmente no centro na quenda que corresponda)

- Actividades realizadas na aula virtual (15%)

Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final do módulo será igual a cualificación obtida na derradeira avaliación.

O alumnado na quenda presencial realizará, prioritariamente, actividades no taller se as circunstancias o permiten, mentres que o resto do alumnado traballará na aula virtual do módulo realizando actividades, cuestionarios, tarefas ou calquera outra actividade proposta polo docente

#### ENSINO ONLINE

O alumnado traballará na aula virtual do módulo realizando actividades, cuestionarios, exames, tarefas ou calquera outra actividade proposta polo docente en relación cos contidos que non foran impartidos no ensino presencial.

A cualificación basearase nos seguintes apartados:

- Avaliación continua do traballo na aula virtual que se ponderará un 50%.
- Realización dun exame online de coñecementos que se ponderará un 50%.

Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final do módulo será igual a cualificación obtida na derradeira avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Como os criterios de cualificación están baseados nunha avaliación continua, daranse por recuperados aqueles resultados de aprendizaxe que non sendo alcanzados inicialmente, estean integrados en actividades posteriores que precisen do dominio das anteriores. A pesar de todo, o alumnado que non alcance os resultados de aprendizaxe de cada avaliación, poderá facelo mediante as seguintes actividades de recuperación:

- Repetición ou corrección das prácticas de taller que non superen a avaliación positiva que se ponderarán un 70%.
- Realización dunha proba escrita relacionada cos resultados non acadados que se ponderará un 30%.

Para superar as actividades de recuperación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado que non aprobe as avaliacións, polo método ordinario ou por medio das actividades de recuperación, terá que facer a avaliación final do módulo sobre os contidos non superados, coa finalidade de poder realizar as FCT no período ordinario, no caso de supera-la.

Na avaliación final, o alumnado que teña suspensa algunha avaliación poderá recuperala facendo só a parte correspondente á mesma.

A proba da avaliación final do módulo realizarase ao final do segundo trimestre e será unha proba teórica e/ou práctica a desenvolver no taller e/ou aula, similar ás realizadas ao longo do curso.

No caso de non superar a avaliación final do módulo, o alumnado deberá asistir a clases de recuperación durante o terceiro trimestre do segundo ano do ciclo.



Este período de recuperación será o correspondente ó sexto trimestre do ciclo, coincidindo no tempo coa Formación en Centros de traballo do alumnado que teña superados todos os módulos. Isto vai permitir traballar específica e intensivamente co alumnado que non acadase os mínimos, facendo un seguimento e actividades individualizadas segundo as súas carencias. Elaborarase un horario lectivo específico para ese terceiro trimestre.

A recuperación consistirá na superación das capacidades non adquiridas polo alumnado e tendo sempre como referencia os contidos mínimos. O profesor intentará fortalecer os conceptos, procedementos e aptitudes nas que o alumnado teña dificultades, resaltando as características máis importantes do curso dado o curto período de tempo existente para o proceso de recuperación.

Ao finalizar o terceiro trimestre o alumnado fará unha proba final para o proceso de avaliación extraordinario, na que deberá obter unha puntuación total, igual ou superior a 5 puntos para aprobar o módulo.

A proba estará constituída por unha parte teórico-práctica e por supostos prácticos nos que o profesor determinará a súa destreza e grao de comprensión dacordo á consecución dos obxectivos mínimos precisos.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Segundo Orde do 13 de xullo de 2015, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria, pero si é de aplicación ao resto do alumnado.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

A proba final extraordinaria estará inspirada nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos expresados nesta programación. Será unha proba teórica e/ou práctica a desenvolver no taller e/ou aula, similar ás realizadas ao longo do curso.

O alumnado para poder facer a FCT terá que ter aprobado o módulo.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación da propia programación implica por parte do docente un proceso de reflexión para valorar en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e do seu sistema de ensinanza, co fin de introducir melloras no proceso.

Ao remate de cada unidade didáctica realizarase o seguimento da programación para reflectir o seu grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de haber desviacións. De habelas, tomaranse as medidas necesarias para que se proceda á súa corrección.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar

o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

No caso de atopar alumnado con Necesidades Educativas Específicas, solicitarase información achega do mesmo no Departamento de Orientación e coa colaboración do mesmo, faráselle unha Adaptación Curricular que lle permita alcanzar os obxectivos marcados na devandita Adaptación Curricular e que estean dacordo cos obxectivos do módulo.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo estará dirixido a aquel alumnado que non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Tamén se aplicarán medidas de reforzo ao alumnado repetidor que teña necesidades educativas especiais.

Solicitarase apoio técnico o departamento de orientación do instituto. No caso do alumnado repetidor, poderemos informarnos do seu historial académico e falar, na medida do posible, co titor/a ou profesorado, que lle impartiu docencia no curso anterior.

Cando o progreso dun/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, e previamente valorado polo departamento de orientación do centro, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo ou Adaptación Curricular. As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo/a profesor/a que imparte o módulo, co coñecemento do titor/a, e éste comunicarllo ao equipo directivo e á familia do/a alumno/a.

En ningún caso a Adaptación Curricular poderá afectar a desaparición de obxectivos relacionados con competencias profesionais básicas para o logro da competencia xeral característica do título.

O profesor de dito módulo, de forma xeral, aplicará ao alumnado que lle sexa necesario, as seguintes medidas de reforzo que serán de aplicación en pequeno grupo ou individual preferentemente:

- 1- Realización de actividades alternativas diferentes as do resto do grupo e de menor complexidade para acadar os obxectivos claves do tema en cuestión.
- 2- Repetición das prácticas máis importantes ou outras similares para acadar as capacidades pretendidas.
- 3- Exercicios, cuestións, traballos de investigación ou problemas de reforzo.
- 4- Realización de actividades que en todo caso terán unha finalidade de reforzar o aprendizaxe e autonomía do/a alumno/a.

Por outra banda, e de forma concreta para este tipo de alumnado, se despois de aplicar as medidas de reforzo antes mencionadas, aínda non se evidencia a competencia perseguida, o profesor fará unha exame teórico e/ou práctico de recuperación de cada avaliación suspensa. Dita proba farase antes da seguinte avaliación, e se é avaliada positivamente o alumno/a recupera a avaliación en cuestión.

No presente módulo para o curso 2021-2022 hai dous alumnos repetidores, que non presentan carencias que lles impidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe, tal e como se reflicte no documento "Avaliación Inicial" feito na "Xunta de Avaliación Inicial", e tendo en conta ademais, as valoracións feitas polo titor e resto do equipo docente nas que non se mencionou que teñan necesidades educativas especiais.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Na programación está implícita a educación en valores que toda persoa, sexa ou non alumno ou alumna, debe respectar: igualdade entre os sexos, coidado do medio ambiente, así como primar o esforzo persoal e fomentar o crecemento na madurez persoal do alumnado.

Trataranse os seguintes temas transversais:

- Educación ambiental: o estudo crítico e a análise reflexiva efectuado polo alumnado ao longo dos distintos bloques de contidos durante o curso,

pode contribuir a crear unha conciencia cidadá na que prevaleza a necesidade de preservar os medios naturais e ambientais, racionalizar o consumo enerxético e dos recursos naturais, afirmando que o progreso non implica a destrución do medio ambiente.

- Educación para a saúde: en varios temas dos distintos bloques aparecen referencias sobre as normas de hixiene e seguridade no traballo, así como da preocupación no uso de máquinas e ferramentas, polo que o tema será tratado puntualmente a medida que se desenvolven os contidos.
- Educación para a igualdade de oportunidades: concienciarase ao alumnado sobre a igualdade de oportunidades de ambos sexos, rompendo o tópico da discriminación ou adxudicación de tarefas por razóns de sexo.
- Educación para a competencia dixital: o alumnado comprenderá que o uso das tecnoloxías da información e da comunicación lle permitirá a adaptación ás novas situacións laborais, en tanto en canto, favorece o acceso aos recursos, ás ofertas formativas e ás noticias sobre o mundo laboral e económico que vaian xurdindo ao longo do curso.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Só se realizaran aquelas actividades, xornadas, etc., que permita a situación sanitaria na que nos atopamos por mor da pandemia, e que previamente sexan aprobadas polo Departamento e Consello Escolar.